

BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020.

1.- DENOMINACIÓN, APLICACIÓN ORZAMENTARIA E APROBACIÓN DAS BASES

1.1. O presente **PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020** é un Plan propio da Deputación Provincial de Lugo para o exercicio 2020 destinado aos 67 concellos da provincia, que se elabora no marco do previsto no artigo 36.2.a da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e nos artigos 32 e 33 do Real Decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establecen a obriga das deputacións provinciais de *“aprobar anualmente un plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, en cuxa elaboración deben participar os Concellos da provincia. O plan, que deberá conter unha memoria xustificativa dos seus obxectivos e dos criterios de distribución dos fondos, criterios que en todo caso han de ser obxectivos e equitativos e entre os que estará a análise dos costes efectivos dos servizos dos concellos poderá financiarse con medios propios da Deputación, as achegas municipais e as subvencións que acorden a comunidade autónoma e o Estado con cargo aos seus respectivos presupostos ...”*

1.2. O Plan finánciase coas seguintes achegas:

a) Cunha achega da Deputación provincial por importe de 21.300.000,00€.

A achega da Deputación finánciase con cargo:

- Créditos do orzamento xeral de 2020.

- Créditos financiados con cargo ao remanente líquido de tesoureira de 2019.

b) Achegas dos concellos: Nun importe equivalente ao mínimo obrigatorio do plan de obras e servizos -POS- do ano 2016 por concello e polas que voluntariamente aporte cada concello a maiores.

1.3.- O órgano competente para a aprobación das presentes bases do plan provincial único de cooperación cos concellos 2020 é o Pleno da Corporación, de acordo co establecido na lexislación de réxime local.

2.- ANTICIPOS

Logo da aprobación definitiva do Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, a Deputación Provincial poderá aboar un anticipo de ata o 50% sobre o importe total da achega, con dispensa de garantía e previa solicitude do concello.

Para o aboamento do devandito anticipo o Concello deberá achegar a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.
2. Declaración responsable na que se faga constar que a concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
3. Documento emitido pola entidade bancaria, no que figure o CIF do Concello, no que conste a conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do correspondente anticipo, unha vez tramitada a documentación achegada.

No caso de que a Deputación tivese aboado o anticipo e o concello non executase ou xustificase a totalidade da cantidade ingresada por este concepto, o concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugonull)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	1/28



1000-0423, practicada a liquidación de xuros de mora correspondentes. De non cumprirse esta obrigación, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada, e a esixencia dos xuros de mora correspondente dende o momento daquel pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos termos que contempla o artigo 37.2 da lei xeral de subvencións e o artigo 34.2 da lei de subvencións de Galicia.

3.- FINALIDADE E OBXECTO

O artigo 36 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, establece que é competencia propia das deputacións provinciais a asistencia e a cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos, especialmente aos de menor capacidade económica e de xestión, e que para estes efectos a Deputación aproba anualmente un Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal en cuxa elaboración deben participar os concellos da provincia.

A.- FINALIDADE

Co Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020, a Deputación provincial trata de dar resposta ás situacións e necesidades concretas de cada concello, reforzando a súa autonomía e responsabilidade (en que e como gastar) mediante a ampliación e flexibilización do seu obxecto, que pasa a ser múltiple, facilitando tamén a planificación da actividade dos respectivos gobernos municipais.


O Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos 2020 supón unha continuidade da profunda reformulación levada a cabo no exercicio 2017, no que atinxe aos instrumentos de cooperación cos municipios, na medida en que a mesma pasa a concentrarse, basicamente, nun Plan Provincial Único que se distribúe territorialmente con criterios obxectivos, reducindo drasticamente a discrecionalidade na asignación dos fondos provinciais, perfeccionando as políticas de equidade, obxectividade e transparencia nas accións de cooperación cos concellos, sen prexuízo de escoitar e atender necesidades concretas e finalidades comúns por outros sistemas como os convenios de cooperación. Xunto co anterior, preténdese unha racionalización, simplificación e redución dos instrumentos de colaboración cos municipios que se viñan desenvolvendo mediante liñas de subvención ou achegas, de tal maneira que a colaboración financeira da Deputación cos concellos queda concentrada basicamente neste Plan Provincial Único de Cooperación cos Concellos.

De conformidade coa Disposición Adicional oitava da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de Subvencións, na redacción vixente, as Subvencións que integran o programa de cooperación económica do Estado aos investimentos das autoridades locais, do mesmo xeito que as subvencións que integran plans ou instrumentos semellantes que teñan por obxecto levar a cabo funcións de apoio e cooperación municipal réxense pola súa normativa específica, resultando da aplicación supletoria as disposicións da devandita lei. Xa que logo resulta de aplicación supletoria a lexislación de subvencións, nomeadamente na xustificación e no seu caso reintegro.

O procedemento de resolución destas axudas é o de réxime de concorrencia.

As axudas destinadas aos programas **que non sexa investimentos (programa C1)** serán compatibles con outras para a mesma finalidade, tendo en conta que o importe da achega en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas, supere o custo da finalidade subvencionada, de acordo co previsto no artigo 19.3 da LXS.

Código Seguro de Verificación	IV664SIH4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIH4MTTE44EVC4F3DME	Página	2/28



Para estes efectos, e en conformidade co disposto no artigo 14.1.d da Lei xeral de Subvencións e no artigo 33 do seu Regulamento, unha das obrigas do beneficiario é a de comunicarlle á Deputación a obtención doutras axudas que financien as finalidades incluídas neste Plan.

En aras a unha xestión axil e eficaz, o programa de investimentos financiados a través deste plan, **únicamente** serán cofinanciados pola Deputación e o Concello, no seu caso, **non admitíndose** investimentos con cofinanciación doutras entidades, a fin de que o plan non se vexa afectado por obrigas impostas por entidades que cofinancian as actuacións

B.- OBXECTO

Para acadar estas finalidades, os concellos poderán solicitar a aplicación dos fondos provinciais asignados aos seguintes programas:

B.1 - PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

O concello deberá destinar a achega da Deputación ao financiamento de investimentos de competencia municipal, de acordo cos seguintes criterios:

Cada municipio deberá destinar a investimentos, como mínimo, o 50 por 100 do importe da achega que fai a Deputación Provincial a este plan, ao que deberá engadirse, como mínimo, a aportación obrigatoria que cada Concello debe aportar ao programa de investimentos.

Non obstante, o 60% do mínimo esixido a destinar a investimentos da aportación da Deputación (50% do plan) deberá ser destinado ao arranxo, reparación e mellora de vías públicas municipais.

A aportación mínima que cada Concello debe achegar, poderá incluírse íntegramente nun dos investimentos ou en varios. A achega mínima de cada concello indícase en anexo ao efecto.

No Plan Único pódense incluír todas as obras e/ou subministracións que sexan de competencia municipal, co cumprimento das aportacións mínimas indicadas no parágrafo anterior, con preferencia das asociadas aos servizos mínimos obrigatorios, de acordo co establecido nos citados artigos 25 e 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

Os custes de redacción de proxectos, prescricións técnicas e outros estudos ou documentos técnicos necesarios para executar os investimentos incluídos, ao igual que os gastos derivados da dirección, en cada caso requirida, para a súa execución, poden ser financiados con cargo aos fondos deste plan.

Con cargo ao Plan Único non se poderá financiar gasto corrente, agás os destinados aos programas SAF, Fomento do Emprego, actividades culturais e deportivas, administración electrónica e protección de datos, protección civil e a celebración de actuacións/eventos turísticos, feiras, mercados e análogos, nos termos establecidos nestas bases.

Poderán ser incluídos, con cargo ao Plan único 2020, investimentos cuxo procedemento de licitación se inicie antes da aprobación do Plan. Se ben, non poderán incluírse investimentos licitados con anterioridade ao 01/01/2020. Neste senso a disposición adicional terceira .2 da Lei 9/2017, do 8 de novembro indica *"se podrán tramitar anticipadamente los contratos cuya ejecución material haya de comenzar en el ejercicio siguiente o aquellas cuya financiación dependa de un préstamo, un crédito o unha subvención solicitada a otra entidade pública o privada, sometiendo la adjudicación a la condición suspensiva de la efectiva consolidación de los recursos que han de financiar el contrato correspondiente"*

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	3/28



No caso de ser incluídos honorarios facultativos de redacción de proxectos ou outros documentos técnicos necesarios, estes poderán ser adxudicados ou encargados a súa execución nestos mesmos prazos.

B.2.-PROGRAMA DE AXUDA NO FOGAR

Esta liña, integrase nas prioridades do orzamento Provincial, conforma unha acción específica do Estado Social, cumpre co establecido no artigo 31 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, e posteriores modificacións, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e nos artigos 25, 52, 54, 63 e concordantes da Lei 13/2008, de 3 de decembro de servizos sociais de Galicia.

Cada concello vén obrigado a destinar ao financiamento do servizo de axuda no fogar, como mínimo, unha contía igual ao importe da achega finalmente efectuada pola Deputación provincial en 2016, con cargo ao convenio de colaboración asinado coa Deputación para esta finalidade, agás que na anualidade de 2017 ou 2018 este financiamento fose inferior, tendo en conta a xustificación dos concellos, en cuxo caso se utilizara esta última contía.

A cantidade determinada como mínima poderá ser incrementada polos concellos con cargo aos fondos do Plan Único, respectando as contías establecidos para os outros programas.

B.3.-PROGRAMA FOMENTO DO EMPREGO

Esta liña vai destinada á contratación ou nomeamento de persoal para a execución de obras e servizos mínimos obrigatorios de competencia municipal, de interese xeral e social, de conformidade coa normativa aplicable, sempre que se cumpran cos requisitos establecidos nestas bases.

B.4.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES CULTURAI

Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades culturais, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

Debe terse en conta o establecido na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

B.5.- PROGRAMA DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS.

Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a actividades deportivas, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

Atenderase ao establecido na Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

B.6.-CELEBRACIÓN DE ACTUACIÓNS/EVENTOS TURÍSTICOS.

Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a promoción turística local, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

Tomarase en conta o establecido na Lei 7/2011, de 27 de outubro, de turismo de Galicia, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	4/28



B.7.-CELEBRACIÓN DE FEIRAS, MERCADOS E OUTROS

Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a feiras, mercados e análogos, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes ao exercicio natural de 2020.

Terase en consideración o establecido na Lei 45/2007, do 13 de decembro, de desenvolvemento sustentable do medio rural, en canto ás competencias e funcións atribuídas aos Concellos e ás Deputacións.

B.8.-ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS

A Deputación de Lugo, ten como competencia propia, entre outras, segundo se establece na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, “a prestación dos servizos de administración electrónica... nos municipios con poboación inferior a 20.000 habitantes...” Neste sentido, no ano 2016, esta entidade colaborou cos concellos da provincia mediante a sinatura dun convenio con cada un deles destinado a axudar na financiación dos custes de implementación e desenvolvemento dos sistemas e aplicacións informáticas que posibilitan a administración electrónica e tramitación de expedientes electrónicos, adecuándose e adaptándose aos requirimentos da lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e a Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.


Para contribuír á sostibilidade de dito investimento, a Deputación de Lugo pon a disposición dos concellos este programa destinado á financiación do mantemento dos sistemas e aplicativos informáticos implantados ao abeiro dos mencionados convenios e que conforman os sistemas e servizos de administración electrónica.

Por outra banda, tanto o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación dos datos e polo que se derroga a Directiva 95/46 CE, Regulamento Xeral de Protección de Datos (en adiante, RXPD), así como a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais (en adiante, LOPDGDD), que son actualmente as normas vixentes e de aplicación en materia de protección de datos, supoñen un cambio substancial a nivel organizativo, documental, procedimental e de recursos de cara ao citado tratamento dos datos de carácter persoal.

Para dar cumprimento a estas normas, as entidades dispoñen de diversa documentación e procedementos, os cales precisan ser adaptados, mantidos e actualizados, xa que este tipo de información e sistemas son vivos e moi susceptibles de cambiar. Con esta finalidade, a Deputación de Lugo pon a disposición dos concellos esta liña de axudas destinada á adecuación e actualización dos seus sistemas de xestión e diversa documentación relativa ao tratamento de protección de datos de carácter persoal.

Con carácter xeral os concellos poderán destinar, a administración electrónica e protección de datos, con cargo ao Plan Único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada concello determine, correspondentes con todo o exercicio natural 2020.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugonull)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	5/28



B.9.-PROTECCIÓN CIVIL.

Con carácter xeral os concellos que contan con agrupación de Protección Civil, legalmente constituída, poderán destinar, a gasto corrente de protección civil, con cargo ao Plan único 2020 da Deputación de Lugo a cantidade que cada Concello determine, correspondentes con todo o exercicio natural de 2020, fixándose un máximo de 4.000,00 euros. No caso de destinar cantidade a investimentos, estes deberán ser incluídos no programa C.1.- Investimentos.

Desta sorte, a Deputación Provincial axuda ao funcionamento das agrupacións de voluntarios de Protección Civil dos municipios, que contan con escasos recursos e axudan á seguridade das persoas e dos bens. A LBRL no seu artigo 25.2, letra f), determina que os municipios exercerán, en todo caso, como competencia propias, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, en materias como a protección civil.

Debemos tomar como referencia tamén o disposto na Lei 17/2015, do 9 de xullo, do sistema nacional de protección civil, como norma básica, como a Lei 5/2007, de 7 de maio, de emerxencias de Galicia.

B.10.-EXCLUSIÓNS

1. En ningún caso, os Concellos poderán financiar, total ou parcialmente, con cargo aos fondos do Plan único 2020 actividades nas que se empreguen animais que non sexan domésticos e para a súa exposición, exhibición e/ou comercialización; aos que se lles instigue sufrimento, tales como touradas; que se atopen en cautividade e/ou se empreguen para a súa explotación en espectáculos, tales como circos nos que se empreguen animais.
2. En ningún caso os Concellos poderán financiar, total ou parcialmente, con cargo aos fondos do Plan Único 2020 aqueles actuacións/eventos nos que se faga un uso sexista da identidade sexual ou nos que se celebren actividades que poidan ter a consideración de pexorativas da identidade de xénero ou sexual.
3. Quedarán excluídos de ser financiados, a través do Plan único 2020, aquelas actividades en cuxa organización non participen os Concellos.
4. No poderá destinarse cantidade algunha á financiación de custos de comidas.
5. Non poderá destinarse cantidade algunha á financiación de verbenas e orquestras, salvo que sexan actuacións que fomenten a cultura en xeral e/ou a tradición galega, a súa divulgación e a súa posta en valor.
6. Non poderán incluírse, con cargo ao plan único, os gastos dos conservatorios, posto que están previstos como subvencións nominativas no orzamento de 2020.
7. No caso de contratar persoal, para prestar servicios de SAF, con cargo ao programa de fomento do emprego, este gasto de persoal non poderá imputarse a SAF, ou de imputarse a SAF, non poderá xustificarse no programa de fomento do emprego ou investimentos (obras por administración).

4.- CRÉDITOS FINALISTAS E APORTACIÓNS MUNICIPAIS MÍNIMAS.

Sendo a finalidade do Plan Provincial Único de cooperación cos Concellos 2020 constituír o instrumento que a Deputación Provincial pon ao servizo da autonomía dos municipais, soamente son finalistas os seguintes créditos orzamentarios e polas cantidades que se indican que constitúen a cantidade mínima obrigatoria para cada plan, programa e municipio:

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	6/28





a. Investimentos

- Deberán adicar a investimentos unha cantidade equivalente ao 50% do total da axuda asignada con cargo á aportación desta Deputación, dos cales o 70% deberá dedicarse a arranxo, reparación ou mellora de vías públicas municipais.

b. Servizo de axuda no fogar

- Cada concello vén obrigado a destinar ao financiamento do servizo de axuda no fogar, como mínimo, unha contía igual ao importe da achega finalmente efectuada pola Deputación provincial en 2016, con cargo ao convenio de colaboración asinado coa Deputación para esta finalidade, agás que na anualidade de 2017 ou 2018 este financiamento fose inferior, tendo en conta a xustificación dos concellos, en cuxo caso se utilizara esta última contía. (mínimo de cada concello achegado en Anexo).

5.- DETERMINACIÓN PARA OS GASTOS CORRENTES CON CARGO A ESTE PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN-2020

- En ningún caso se poderá financiar con cargo ao Plan Provincial Único de Cooperación cos concellos 2020, gastos correntes para finalidades distintas das previstas nestas bases. O incumprimento desta condición dará lugar á tramitación do correspondente procedemento de perda do dereito e/ou reintegro.
- O importe destinado a gasto corrente, é dicir, ás actuacións que non sexa investimento, **relativo aos programas: C4.-actividades culturais, C5.-actividades deportivas; C6.-actuacións/eventos turísticos; C7.-feiras, mercados ou análogos; C8.-administración electrónica e protección de datos; non poderá superar o 30%** da contía atribuída a cada Concello nesta anualidade do Plan único.

6.- PROGRAMA INVESTIMENTOS

6.1 PROXECTOS TÉCNICOS E AUTORIZACIÓNS

En todo caso, os investimentos propostos deben ser aqueles para os que o concello teña a plena dispoñibilidade dos terreos necesarios para a súa execución, e que non precisen de autorizacións doutras Administracións Públicas ou, no caso de que sexan precisas, deberán proverse delas antes da súa execución.

Será responsabilidade de cada Concello a solicitude e obtención dos permisos e autorizacións necesarios para a execución dos investimentos propostos.

Cada obra ou subministración identificarase cun proxecto ou prego de prescricións técnicas, tendo en conta que non se poden incluír como actuacións independentes os orzamentos parciais do proxecto ou prego, e deberán estar asinados por técnico competente.

Nas actuacións que legalmente se permita poderán ser memorias valoradas.

Os proxectos, memorias valoradas ou pregos de prescricións técnicas dos distintos investimentos, deberán estar asinados dixitalmente por técnico competente.

Non se admiten as denominacións xenéricas, debendo ser identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, os investimentos que se integran no Plan, debendo figurar os nomes de todos os núcleos, rúas, etc, onde se realice o investimento, así como os puntos quilométricos cando se trate de

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	7/28



accesos a núcleos, ou coordenadas UTM dos lugares de execución, cando sexa obra que permita dita identificación e localización.

Para realizar a selección dos investimentos que se incluírán no Plan, os Concellos terán especialmente en conta os datos que figuran na Enquisa de Infraestrutura e Equipamento Local, (EIEL), xestionada por esta Deputación, que constitúe o instrumento obxectivo básico de análise e valoración das necesidades de dotacións locais para os efectos da cooperación económica local.

Recoméndase consultar a “ficha municipal” cos datos do concello que figura na páxina web desta Deputación e na páxina **idealugo.es**, na que se contén información detallada das súas infraestruturas e demais datos.

Os datos de cada concello que se reflicten na Enquisa deben servir de base para a elaboración do Plan e así se motivara na correspondente memoria, gozando de preferencia as actuacións que figuren como déficit na EIEL.

6.2.- CONTÍA MÍNIMA POR INVESTIMENTO E APLICACIÓN ORZAMENTARIA

O importe mínimo de cada obra a incluír no Plan Único 2020 será de 10.000 € (IVE incluído) e o de cada subministración é de 3.000 € (IVE incluído), non podendo ser gasto corrente, pero sí investimentos de reposición.

Coa solicitude (anexo I), no relativo ao programa de investimentos, deberáse indicar o programa de gasto, con catro díxitos, según a HAP/419/2014, de 14 de marzo, pola que se modifica a orde EHA 3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das Entidades Locais, no que se inclúa cada investimento solicitado.

Non obstante, cando as obras sexan similares, garden coherencia no conxunto de actuación previstas, se refiran a obras completas, no sentido de ser susceptibles de ser entregadas ao uso xeral ou servizo correspondente e coa mesma finalidade (pertenza ao mesmo grupo de gasto) poderán estar agrupadas nun único proxecto, respectando o indicado na base anterior, e dicir, identificados con precisión e claridade, sen lugar a dúbidas, debendo figurar os nomes de todos os núcleos, rúas, etc, onde se realice o investimento, así como os puntos quilométricos ou coordenadas UTM de inicio e fin, cando se trate de accesos a núcleos ou outras que permitan esta localización. Así mesmo deberán respectar a lexislación contractual.

7.- PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO

Incardínase dentro do Plan Único o Programa de Fomento do Emprego a desenvolver polos concellos baixo os seguintes condicións ou requisitos xerais:

- As obras, servizos e actividades a executar deberán ser prestados polos respectivos concellos, como entidades beneficiarias, en réxime de execución pola propia administración.
- Deberán favorecer na súa execución ou prestación a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se van contratar.
- Ser prestados ou executados no territorio municipal.
- Responder a necesidades de persoal urxentes e inaprazables, é dicir, necesidades mínimas para o exercicio das súas funcións ou para o desempeño das súas competencias en termos razoables de eficacia e eficiencia.
- Que esas necesidades afecten a sectores, funcións ou categorías profesionais prioritarias indispensables para poder satisfacer as necesidades básicas da vida persoal ou social das persoas

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	8/28



particulares, de acordo coas circunstancias de cada momento ou lugar, ou necesarias para o benestar da veciñanza e, tamén, as que permitan asegurar o funcionamento regular da propia entidade e dos seus órganos de goberno e de dar cumprimento as distintas normativas xerais ou sectoriais de aplicación.

7.1.- Custes financiáveis con cargo ao Plan Único

Os custes admisibles son a suma dos custos salariais imputables para os traballadores contratados ou nomeados, considerándose gastos admisibles os custos salariais totais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social por todos os conceptos na mesma cantidade, como mínimo a fixada para o salario segundo o convenio colectivo no que se ampare o contrato. Inclúese como gasto admisible a indemnización por finalización de contrato.

De xeito xeral, considéranse gastos admisibles aqueles que de maneira inequívoca respondan á natureza da actividade laboral, sexan estritamente necesarios e se realicen dentro do prazo establecido.

Non terán a consideración de conceptos admisibles:

- As horas extraordinarias, así como os incentivos, produtividade, primas ou gratificacións voluntarias ou calquera outra indemnización non prevista na lexislación laboral.
- Os gastos asociados a despedimentos improcedentes ou nulos. No caso de que se produzan, procederase ao reintegro da cantidade concedida asociada ao traballador despedido.
- Sancións administrativas e penais nin os gastos de procedementos xudiciais relacionados co ámbito laboral entre as partes.
- Os incrementos salariais.
- A roupa de traballo.

Os contratos ou nomeamentos realizados ao abeiro deste plan poderán formularse de acordo a calquera modalidade prevista na lexislación vixente e ata o **30 de setembro de 2021**, podéndose realizar contratos inferiores ao ano.

Admitiranse os gastos xerados como máximo durante 12 meses dende a data da sinatura dos contratos ou dos nomeamentos e ata o límite temporal **do 30 de setembro de 2021**.

E imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.

E imprescindible que as persoas a contratar a través deste programa produzan novas contratacións no concello, polo que **a situación ou procedencia dos candidatos debe provir de situación de desemprego ou de mellora de emprego con independencia de que a xornada laboral sexa parcial ou completa, quedando excluídos os custes de persoal referidos a traballadores incluídos no cadro de persoal vixente do concello.**

7.2.- Prazos de execución

O concello ten a obriga de entregar á Deputación de Lugo, 10 días antes do inicio do procedemento de selección, unha copia das bases e da convocatoria do proceso unha vez aprobadas polo órgano competente, para dar publicidade na páxina web institucional aos efectos de informar de forma previa a cidadanía dos postos ofertados, tipoloxía elexida para o procedemento de selección así como calquera outra documentación relacionada co mesmo.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	9/28



O prazo para iniciar a contratación será dende a publicación da aprobación definitiva do Plan Único ata o prazo fixado para rematar a execución.

O prazo de execución remata o **30 de setembro de 2021**.

7.3.-Compromisos das partes

A contratación ou nomeamento deste persoal para o desenvolvemento do servizos mínimos ou obras esenciais non implica relación laboral nin estatutaria ou funcional algunha entre estes traballadores e a Deputación Provincial de Lugo, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polos feitos e ou accións acaecidos/as durante o desenvolvemento das actuacións.

7.4.- Obrigas do concello

- O concello deberá detallar no momento da solicitude a distribución do gasto de persoal, especificando: Nº de postos, categoría profesional, gastos salariais, prazo de contratación e réxime xurídico aplicable. No caso de sufrir variacións por necesidades inaprazables ou imprevistas, deberá comunicarse ditas modificacións de forma previa.
- O Concello será o responsable e promoverá o proceso de selección e posterior contratación ou nomeamento do persoal, e farao de acordo cos principios de publicidade, concorrencia, igualdade, mérito, capacidade e non discriminación e axustándose ao disposto pola lexislación vixente, previa comunicación o servizo de emprego da Deputación Provincial para dar publicidade a tódalas fases do procedemento.
- Ademais da publicidade e información prevista na base 8ª.2, o concello deberá comunicar, coa mesma finalidade, todas as convocatorias e actos administrativos que publique nos medios e formas que correspondan, para a debida publicidade na paxina web da Deputación provincial.
- Asinar co/s traballador/es un contrato laboral (non mercantil) ou nomeamento, en calquera modalidade prevista legalmente, sendo preciso que, como mínimo, sexa a media xornada. Para todos os efectos, este contrato rexerá pola lexislación laboral e do emprego público vixente e en ningún caso existirá ningunha relación contractual nin estatutaria ou funcional coa Deputación Provincial.
- Facilitar as persoas contratadas roupa de traballo, sempre que así o esixa o posto obxecto de contrato ou nomeamento, e na que deberá figurar que o gasto de contratación do traballador é financiado pola Deputación mediante a impresión na mesma dos logos da Deputación.
- Facilitar ao traballador contratado os medios técnicos, materiais e de seguridade (EPI) necesarios para o desenvolvemento das súas tarefas.
- Cumprir coa normativa laboral, de afiliación e cotización á seguridade social e de prevención de riscos laborais e de seguridade e saúde no traballo que se encuentre vixente durante a execución do traballo, a lexislación de datos de carácter persoal así como satisfacer, as obrigas económicas de carácter salarial e tributario en prazo ordinario independentemente do momento do pago da achega.
- O concello comprometerase a publicitar a aportación provincial e a facer constar sempre a financiación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións polas que se da a coñecer a relación das actividades dos servizos executados.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	10/28





- Empregar a achega outorgada para o mesmo fin para o que foi concedida, axustándose os termos do plan.
- Someterse ás actuacións de comprobación e control que poida efectuar a Deputación de Lugo en relación con este programa.
- Comunicar calquera modificación que afecte á solicitude de adhesión inicial realizada.
- Comunicar, tan pronto como se coñeza, a obtención de subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de outras administracións e entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais.
- Asumir os custes non admisibles, en relación con este programa.
- Dilixenciar os xustificantes de gastos (nóminas) co texto “Financiado pola Deputación Provincial de Lugo”.
- Conservar os documentos xustificativos da axuda, incluídos os documentos electrónicos, que podan ser obxecto das actuacións de comprobación e control durante o período establecido, en cada caso, pola lexislación vixente sobre a materia.
- Dar o seu consentimento ao tratamento de datos de carácter persoal e a súa publicación de acordo co previsto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

8.- PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR, SAF 2020.

8.1.- Obxecto

Financiamento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrencia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo ao servizo de axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente.

Ao abeiro do citado SAF, de conformidade coa valoración técnica realizada en cada caso polos servizos sociais comunitarios, poderán prestarse os seguintes tipos de actuacións de carácter básico, con cargo ao financiamento deste Plan:

- a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria no propio domicilio.
- b) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda que incidan e axuden na mellora do contorno das persoas usuarias e da súa familia. Se é o caso, determinadas tarefas domésticas, como lavandaría e alimentación a domicilio, poderán ser facilitadas por servizos específicos (só se poderán imputar gastos destinados a cubrir as necesidades das persoas usuarias do SAF).
- c) Acompañamento persoal na realización doutras actividades necesarias da vida diaria, tales como apoio en trámites urxentes de carácter administrativo, xudicial ou similares, así como o seguimento das intervencións realizadas polo sistema sanitario.

O servizo de axuda no fogar, unha vez garantido o nivel básico de atención, poderá incorporar, ademais, os seguintes tipos de actuacións de carácter complementario:

- a) Actividades de acompañamento, socialización e desenvolvemento de hábitos saudables.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	11/28





- b) Servizo de empréstito de axudas técnicas para persoas en situación de limitación temporal, para previr, compensar, controlar, mitigar ou neutralizar deficiencias ou limitacións na actividade e restricións na participación social das persoas, agás a teleasistencia e outras medidas complementarias a esta.

Entenderase como actuación do SAF financiable ao abeiro do presente Plan, calquera outra que se poda desprender do sinalado como actuacións pertencentes ao SAF na modalidade básica segundo o establecido no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, e posteriores modificacións, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia, así como, as dúas modalidades complementarias enumeradas e) e f).

O Concello poderá subcontratar con terceiros ata o 100% do importe da actividade financiada, tendo en conta o establecido na normativa vixente en cada momento de contratos do sector público, así como, no Decreto 99/2012, do 16 de marzo, e posteriores modificacións, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

A contratación de persoal para o desenvolvemento do devandito Servizo non implica relación laboral algunha entre estes traballadores e a Deputación Provincial de Lugo, polo que non se poderá esixir a esta responsabilidade algunha, nin directa, nin subsidiaria, polos feitos acaecidos durante o desenvolvemento das actuacións, obxecto deste Programa.

8.2.- Gastos imputables

Considerase gastos imputables a este Plan con cargo ao programa do SAF, aqueles gastos correntes destinados a bens e servizos necesarios e que de maneira indubitada respondan á natureza das actuacións propias e derivadas da posta en marcha e desenvolvemento do Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrència, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, na anualidade 2019. Neste poderanse incluír gastos indirectos vinculados coa prestación do servizo, na parte que razoadamente corresponda, ata un máximo do 10% do custo total do servizo.

8.3.- Obrigas

a. Obrigas dos Concellos

- i. Poñer a disposición os recursos humanos e materiais necesarios para velar por un axeitado funcionamento do SAF na prestación básica en réxime de acceso en libre concorrència, para persoas que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios.
- ii. Trasladar a todas e cada unhas das persoas que sexan usuarias do SAF financiado pola Deputación de Lugo tal circunstancia, a través dunha comunicación escrita, que será remitida ao Servizo de

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	12/28



Benestar desta entidade provincial, unha vez asinada pola persoa usuaria. Esta comunicación, cuxo modelo será facilitada só será necesario achegalo unha vez por usuario e ano. (ANEXO IX)

iii. O Concello terá a obriga de establecer as formas de xestión do SAF de libre concorrancia, podendo prestar o servizo público de axuda no fogar, ben con recursos propios ou ben mediante as diversas modalidades de contratación da prestación destes servizos reguladas na normativa vixente en materia de contratos do sector público, a través de entidades privadas debidamente autorizadas.

iv. Ase mesmo, deberá regular as modalidades e de acceso ao servizo por parte dos posibles beneficiarios/as, en aplicación dun baremo público, a intensidade na prestación do servizo, así como, a participación no financiamento das persoas usuarias, tendo en conta o establecido na normativa vixente en materia de servizos sociais, especialmente no sinalado na LSSG, o Decreto 99/2012 e posteriores modificacións, e na Orde de 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar da Vicepresidencia de Igualdade e de Benestar, da Xunta de Galicia.

v. Facilitar toda aquela información relativa ao Servizo de Axuda no Fogar financiado pola Deputación Provincial de Lugo, para que dende esta entidade provincial se poda efectuar as labores de control e inspección que se consideren oportunas.

vi. Destinar cando menos, o mesmo importe financiado pola Deputación de Lugo para o Servizo de Axuda no Fogar, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo á axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, isto é, o SAF de libre concorrancia do ano 2016. Entenderase que o importe definitivamente financiado para o ano 2016, agás que o importe financiado en 2017 ou no ano 2018 fose menor, será aquel que resultou finalmente abonado pola Deputación de Lugo a cada concello. Entenderase como **custo efectivo do servizo**, a cantidade resultante de restar ao importe total do mesmo a cantidade achegada polos usuarios do servizo e outras fontes de financiamento.

b. Obrigas da Deputación Provincial.

i. A Deputación Provincial de Lugo encargarse de colaborar no financiamento das actuacións desenvolvidas no Servizo de Axuda no Fogar (SAF) de prestación básica en réxime de acceso en libre concorrancia, para persoas empadroadas en concellos de menos de 20.000 habitantes na provincia de Lugo e que non teñan recoñecida a situación de dependencia no marco da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, ou de tela non as asista o dereito de acceso efectivo ao servizo de axuda no fogar, segundo o establecido na Lei 39/2006, pola Administración competente, enmarcado dentro dos servizos sociais comunitarios, cunha achega mínima igual á aboada con cargo á anualidade 2016, agás que a achega da anualidade de 2017 ou 2018 fose menor. (anexo VIII)

ii. Así mesmo, a Deputación Provincial de Lugo deberá comunicar e difundir polos medios ou canles que considere axeitado, a condición de financiamento do Servizo de Axuda no Fogar, no marco da normativa de protección de datos.

9.- PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS

9.1 Obxecto

Ao abeiro desta liña poderán financiarse para os concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia o mantemento da adecuación dos procedementos ao novo Regulamento de Protección de datos e dos

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	13/28



sistemas e aplicativos informáticos que conforman e habilitan os sistemas e servizos de administración electrónica.

A achega para administración electrónica serve para manter as solucións implantadas polos concellos ao abeiro do programa anterior financiado pola Deputación.

O financiamento cubriría a meirande parte do importe do mantemento destas solucións, debendo o Concello correspondente aportar os cartos restantes, que non debería ser maior que a cantidade financiada pola Deputación.

9.2. Compromisos das partes

Ambas Administracións Públicas velarán polo cumprimento dos requisitos aplicables segundo a lexislación correspondente, para o cal poderán comprobar, verificar, investigar e inspeccionar os feitos, actos, elementos, actividades, estimacións e demais circunstancias que se produzan.

a).- Obrigas do Concello

- concello comprométese a dar cumprimento das obrigas determinadas na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, así como ó mantemento dos aplicativos implantados.
- concello manterá os “logotipos” institucionais da Excm. Deputación Provincial de Lugo, tanto na sede electrónica como no xestor documental de expedientes así como calquera outra aplicación informática cuxo mantemento estea financiado no abeiro do presente programa.
- concello comprométese a cumprir os requisitos de publicidade establecidos nestas bases.
- concello comprométese a aportar a cantidade económica restante non financiada a través deste programa, necesaria para o mantemento das solucións implantadas para a administración electrónica.
- concello deberá someterse ás actuacións de comprobación por parte da Deputación, ás actuacións de control financeiro da Intervención, así como ás demais actuacións de control previstas na vixente lexislación e específicas deste programa.

b).- Obrigas da Deputación de Lugo.

A Deputación Provincial de Lugo encargarase de colaborar no financiamento das actuacións desenvolvidas para o mantemento das solucións de administración electrónica implantadas polos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia, segundo os límites establecidos na base terceira, no apartado “C.8” destas Bases Xerais do Plan Único para o 2020.

A Deputación de Lugo comprométese a dar publicidade a través dos seus propios medios (páxina web, portal de transparencia, etc.) da presente financiación.

9.3. Custos obxecto de financiación

A colaboración regulada no presente programa destinaranse á financiación dos custes nos que incorra o concello **ata o 31 de decembro de 2020**. Terán a consideración de financiáveis todos aqueles custos relativos ao mantemento dos aplicativos xa implantados polo concello no marco da administración electrónica. Polo tanto serán financiáveis os gastos correntes correspondentes a:

- Mantemento da sede electrónica.
- Mantemento do aplicativo de rexistro
- Mantemento do sistema de tramitación de expedientes electrónicos.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	14/28





- Mantemento do sistema de notificación electrónica.
- Mantemento do sistema de sinatura electrónica.
- Mantemento do sistema de rexistro de apoderamentos.
- Mantemento do sistema de licitación electrónica.
- Adecuación, adaptación e actualización de sistemas de xestión, documentación, procedementos e metodoloxía relativas á protección de datos e tratamento dos mesmos conforme aos requirimentos ao RXPd e LOPDGDD.

No caso de que as actuacións necesarias sexan investimento, deberán ser incluídas no programa C.1.investmentos.

10.- CRITERIOS DE DISTRIBUCIÓN MUNICIPAL DO PLAN ÚNICO

10.1.- ACHEGAS DEPUTACIÓN.

A cantidade que inicialmente se lle asigna a cada concello calcúlase mediante a aplicación dun parámetro de financiación mínima e máxima, que constitúen a financiación fixa con cargo ao Plan Único.

Con tal carácter establécese unha financiación mínima por Concello de 150.000,00 euros e unha máxima de 500.000,00 euros, de tal xeito que unha vez feitos os cálculos, se algún concello superara dita financiación máxima, esta outórgaselle de forma automática e non se teñen en conta os seus correspondentes datos no cálculo da financiación por variables.

A financiación variable determinase por aplicación ponderada das seguintes variables:

CRITERIO DISTRIBUCIÓN	FONTE	PONDERACIÓN
POBOACIÓN	IGE: 2019	40%
ENTIDADES DE POBLACIÓN (SINGULARES)	IGE: 2019	25%
SUPERFICIE	IGE: 2019	20%
ÍNDICE ENVELLECIMENTO	IGE: 2018	15%


A cada concello indicaselle a cantidade total que se lle asigna, que poderá destinala aos distintos programas incluídos neste Plan único, respectando as bases específicas para cada un destes programas.

Non será de aplicación o establecido no art. 36 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, en relación coa obrigatoriedade de que dentro dos criterios de reparto teña que figurar a “*análise dos costes efectivos dos servizos dos municipios*” xa que a estas datas non se conta con eles.

10.2.- ACHEGA MUNICIPAL

A achega municipal con cargo a fondos propios, virá desglosada para cada investimento e, no seu caso, actividade, con indicación separada da parte que se financia con cargo á Deputación provincial da soportada polo concello, co compromiso do seu financiamento asumido expresamente no acordo municipal de aprobación da proposta de Plan Único 2020.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	15/28





11.- AFORROS PRODUCIDOS OU BAIXAS.

11.1 PROGRAMA DE INVESTIMENTOS

Os aforros producidos ou baixas obtidas nas licitacións poderán ser investidas por cada concello, **por unha soa vez, na mesma finalidade**, e sempre que non supoña modificación orzamentaria (e dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que o investimento /actuación onde se producira a baixa), previa proposta do Concello nos termos que se indican:

- Os Concellos poderán solicitar os remanentes, baixas ou aforros producidos nas licitacións dos investimentos **unha única vez**, distinguidos segundo a finalidade (aplicación orzamentaria).
- **Establécese como prazo máximo para solicitude de remanentes o 30 de xuño de 2021, data a partir da cal non se concederá a aplicación de remanentes.**
- Coa solicitude deberán achegar proxecto ou memoria valorada, segundo proceda, así como indicación do financiamento do investimento.
- Aos investimentos financiados con cargo a remanentes será de aplicación tanto o deber de achegar certificado de adxudicación ou acordo de execución pola propia administración (anexo III ou anexo IV) e declaración responsable das coordenadas UTM onde se colocará o cartel como todo o relativo á xustificación.
- Os investimentos financiados con cargo a remanentes serán executados e xustificados nos mesmos prazos que os inicialmente incluídos no plan, e dicir, executaranse antes do 30 de setembro de 2021 e xustificaranse antes do 15 de outubro de 2021, sendo de aplicación tamén o mesmo réxime de prórrogas.
- Os investimentos/actuacións así financiados, con cargo aos aforros ou baixas de licitación, someteranse a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, unha vez recibida no seu completo a proposta municipal.
- Se no prazo de **dous meses** non fora comunicado acordo de aprobación por parte da Deputación Provincial, entenderase **NON** autorizado o investimento/actuación proposto polo Concello con cargo aos aforros ou baixas obtidas da licitación.

As baixas na licitación non poderán aplicarse en ningún caso a reducir a aportación municipal obrigatoria, non obstante, si poderán ser destinadas a diminuír o financiamento voluntario, nos investimentos, de cada Concello.

11.2 RESTO DE PROGRAMAS

- Os **remanentes** ou aforros producidos en cada programa, poderán ser utilizados en outras actividades, eventos ou actuacións, sempre que sexan da mesma tipoloxía e non supoña modificación orzamentaria (é dicir, con cargo ao mesmo programa de gasto que aquel no que se producira a baixa ou aforro) previa proposta do Concello presentada con anterioridade á data límite do vencemento do programa e aprobada pola Xunta de Goberno da Deputación.

12.- NATUREZA XURÍDICA DA ACHEGA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

As aportacións da Deputación con cargo ao Plan Provincial Único teñen a natureza xurídica de axudas integradas nun plan que ten por obxectivo a realización de funcións de apoio e cooperación municipal réxense en primeiro lugar, por estas bases, así como a lexislación específica en réxime

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	16/28



local e resultando da aplicación supletoria a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento; Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvención de Galicia e o seu Regulamento e, supletoriamente, pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, polo Real decreto 835/2003, do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais e igualmente pola Ordenanza xeral de subvencións de Deputación Provincial publicada no BOP nº 53 de 07 de marzo de 2005, con unha modificación publicada BOP nº 160, de 13 de xullo de 2006.

13.- FORMA E PRAZO DA SOLICITUDE

As solicitudes presentaranse **únicamente de xeito telemática**, a través da Sede Electrónica da Deputación, **sendo obrigado seguir a plantilla da que se dispón na aplicación**. A presentación telemática producirá plenos efectos xurídicos, sempre que a solicitude sexa enviada dentro do prazo establecido.

Para presentar a solicitude de xeito telemática será imprescindible que dispoñan de sinatura electrónica a Alcaldía e o persoal funcionario que deba asinar documentos, así como a persoa designada como representante para o envío da solicitude ao rexistro.

O prazo de presentación de solicitudes é de **UN MES**, contado a partir do día seguinte ao da publicación das presentes bases no Boletín Oficial da Provincia.

A documentación administrativa e técnica será revisada por esta Deputación, que poderá realizar os requirimentos que estime necesarios para completar ou corrixir a documentación presentada.

O concello deberá presentar, ademais do formulario cuberto, a documentación xeral da súa solicitude (certificado Secretaría -Anexo I), e a documentación específica (Memoria por cada programa solicitado - Anexo II) que corresponda aos distintos obxectos e programas incluídos na súa petición, segundo se detalla a continuación.

14.- SOLICITUDE

14.A.- DOCUMENTACIÓN XERAL

O concello deberá presentar necesariamente unha solicitude integrada pola certificación do acordo e referida aos datos incluídos no formulario e por unha Memoria xustificativa da súa solicitude (por programas).

I. Certificación do acordo adoptado polo órgano municipal competente (ANEXO I).

Certificación do acordo, segundo o modelo que figura como Anexo I a estas Bases, polo que se dispoña participar no presente Plan, aceptar expresamente estas Bases e solicitarlle á Deputación provincial a aplicación do importe da achega provincial para a realización dos posibles obxectos e programas previstos na Base 3ª.C), detallados no formulario achegado, coa chega provincial aplicada a cada un deles e o seu financiamento desagregado, no seu caso, así como o resto do contido previsto no Anexo I.

O concello deberá adoptar o compromiso firme de incluír no orzamento municipal crédito dabondo para o financiamento da achega municipal ás actuacións solicitadas no Plan, tanto da obrigatoria como das voluntarias que achegue o concello.

Código Seguro de Verificación	IV664SIH4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIH4MTTE44EVC4F3DME	Página	17/28





II. Memoria do Plan asinada pola Alcaldía (ANEXO II)

A Memoria deberá conter como mínimo, desglosado por programas, según os solicitados, os seguintes aspectos:

- a) Descrición dos obxectivos que se pretenden alcanzar co plan único, tendo en conta, moi especialmente os déficits infraestruturas, servizos e equipamentos detectados na Enquisa de infraestruturas e equipamento local e demais actuacións ou actividades incluídas no plan.
 - b) Criterios de selección dos distintos programas do Plan, xustificación da elección dos investimentos e dos programas aos que se dedica a achega.
- III. Outras cuestións de interese que complementen a información anterior.

14.B.- DOCUMENTACIÓN ESPECÍFICA SEGUNDO OS DISTINTOS OBXECTOS PROGRAMAS

14.B.1.- INVERSIONES

En relación co programa de investimentos, os Concellos ademais presentarán:

- Proxecto técnico das obras ou prego de prescricións técnicas das subministracións, co contido establecido na Lei 9/2007, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en formato dixital.
- Nos supostos de investimentos para os que non sexa legalmente preciso a redacción de proxectos técnicos achegarse memoria valorada con planos xeorreferenciados, orzamento e estudio básico de seguridade e saúde, en formato dixital.

De non dispoñer de proxecto técnico na data de formalización da solicitude sinalada na Base anterior, e ser necesario, poderá presentarse unha Memoria descritiva do obxecto, que incluírá o correspondente orzamento e achegar posteriormente o proxecto, que en todo caso deberá achegarse no prazo dun mes ou antes da aprobación do plan, se este fora anterior.

No caso que non se poida achegar a través da sede electrónica, por superar a capacidade permitida, remitirase en formado dixital (CD) ou calquera outra forma dixital.

Dos proxectos ou memorias presentadas seralle achegado copia á Unidade Técnica Comarcal, ao obxecto de utilizar os datos na actualización da Enquisa de Infraestruturas e Equipamentos Locais.

I.- OBRAS

Os proxectos técnicos deberán comprender, polo menos, os documentos que se indican no artigo 233 e concordantes da citada LCSP, así como canta documentación veña prevista nas normas de carácter legal ou regulamentario.

En todo caso, os pregos técnicos respectaran as determinacións establecidas nos artigos 125 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro –LCSP–.


Todas as cantidades deberán expresarse con dous decimais e redondearse, por exceso ou por defecto segundo corresponda.

Todas as partidas do orzamento deberán ser financiáveis con cargo ao plan único, non admitíndose partidas de natureza administrativa como legalizacións, licenzas e autorizacións.

a).- AUTORIZACIÓNS E DISPOÑIBILIDADE DOS TERREOS

O Concello será responsable da solicitude e obtención de canto permiso e autorización sectorial sexa necesaria para a execución do investimento. Así mesmo disporá dos terreos necesarios para a

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	18/28



execución dos investimentos ou estará en disposición de contar con eles por calquera medio válido en dereito.

b).-SUPERVISIÓN

No suposto de ser necesaria a supervisión do proxecto, de acordo co establecido no artigo 235 da citada LCSP, o informe de supervisión poderá ser realizado por Técnicos da Deputación provincial previa solicitude ao Servizo de Expropiacións ou Control de proxectos.

c).-FASES

No caso de tratarse de fases, tramos, partes etc., xustificarse na Memoria do Proxecto Técnico ou na Memoria valorada, debendo acreditar que se trata dunha obra susceptible de utilización ou aproveitamento separado, que constitúe unha unidade funcional, de acordo co establecido no artigo 99 da LCSP ou, no seu caso, que se cumpran os requisitos e condicións establecidas na Disposición adicional segunda.11) da citada norma.

II.- SUBMINISTRACIONES

No caso de subministracións, os pregos de prescricións técnicas, respetarán o contido mínimo establecido no artigo 68 do RD 1098/2001.

Estes pregos técnicos respetarán as determinacións establecidas nos artigos 125 e concordantes da Lei 9/2017, do 8 de novembro –LCSP-.

14. B.2.- RESTO DE PROGRAMAS:

O Concello deberá incluír unha memoria das actuacións/eventos ou actividades a realizar, con indicación do orzamento de gastos, distribuído por conceptos, de forma independente por cada programa.

No caso de solicitar o programa de procección civil deberá achegar Certificado da Secretaría indicando que o Concello dispón de agrupación de protección civil.

15.- APROBACIÓN DO PLAN

1. Á vista da documentación dos concellos, o Pleno da deputación aprobará o Plan partindo das solicitudes presentadas, estruturado segundo os distintos obxectos e programas solicitados.
2. Unha vez aprobado o Plan, someterase a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia para que durante un prazo de 10 días se poidan presentar as alegacións que se estimen oportunas.
- 3.- No caso de se presentaren alegacións serán resoltas e aprobado definitivamente o Plan único de cooperación cos Concellos 2020 polo Pleno da Deputación.
- 4.- De non efectuarse alegacións entenderase aprobado a todos os efectos unha vez vencido o antedito prazo de exposición pública.
- 5.- No caso de ser necesario unha modificación de crédito para financiar o Plan único 2020, a entrada en vigor do Plan quedará condicionada á aprobación definitiva da modificación de crédito.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	19/28



16.- CONTRATACIÓN DOS INVESTIMENTOS

1. Os concellos contratarán os investimentos de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro -LCSP-, mediante procedemento e formas de adxudicación legalmente establecidos.
2. As obras poderán executarse pola propia Administración de acordo co establecido no artigo 30 da LCSP, é dicir a execución das prestacións por parte da administración pública coa colaboración de empresas particulares ou a través de medios propios non personificados.
3. En canto ao prazo para adxudicar as actuacións do Plan ou acordar a súa execución pola propia Administración, e coa finalidade de poder aplicar no mesmo ano os remanentes que se poidan xerar tras a adxudicación dos investimentos, os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o **31 de outubro de 2020**.
4. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado, **POR UNHA ÚNICA VEZ**, mediante acordo da Xunta de Goberno, a solicitude do concello, na que especificará e xustificará os motivos e indicará o prazo solicitado, que non poderá superar o 30 de xuño de 2021.

Se tendo en conta estes prazos, así como as prórrogas posibles, por motivos xustificados, o Concello non poidera contratar o investimento incluído no Plan único, motivadamente poderá solicitar a modificación ou substitución do investimento, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), sendolle igualmente aplicables os prazos de execución e xustificación fixados nestas bases.

Se tendo en conta o anterior, ou outra circunstancia sobrevida, debidamente motivada, xurdira a necesidade de modificar ou substituír un investimento inicialmente incluído por outro, dita modificación/substitución será solicitada polo Concello con anterioridade ao vencemento do prazo outorgado para a adxudicación do mesmo, achegando o novo proxecto e desglose do seu financiamento, e someterase a aprobación da **Xunta de Goberno da Deputación**, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria. Debe respectarse a finalidade, e dicir a mesma aplicación orzamentaria.

5. Unha vez **adxudicados os investimentos**, o concello deberá presentar nesta deputación, de forma individual para cada investimento, a seguinte documentación:
 - **A certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou Anexo IV)**
 - **Declaración na que se indique os lugares exactos onde se prevee colocar os carteis identificativos dos investimentos, nos termos indicados na base 22, indicando as coordenadas UTM da súa ubicación, a efectos de que desde esta Deputación se poida comprobar a súa colocación.**

17.- EXECUCIÓN PROGRAMAS.

17.1 INVESTIMENTOS

Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A súa dirección e execución realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que esta deputación realice as inspeccións que

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	20/28



considere convenientes. Para estes efectos, a deputación poderá realizar controis de calidade dos investimentos incluídos neste Plan a través dos seus propios medios ou de empresas contratadas con financiamento provincial para tal finalidade.

Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, -LCSP-, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Xunta de Goberno da Deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do Concello.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de certificacións finais e liquidacións ou de calquera outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello, salvo aquelas modificacións, certificacións finais ou liquidacións, legalmente tramitadas, que se produzan na execución de contratos en cuxa licitación se produciran baixas imputables á achega da Deputación, en cuxo caso poderán ser imputables á achega da Deputación ata o importe inicial comprometido, previa solicitude do Concello e aprobación pola Xunta de Goberno desta Deputación.

17.2. RESTO PROGRAMAS

Os concellos poderán solicitar motivadamente a modificación/substitución das actividades, actuacións ou eventos, con anterioridade á data límite do vencemento de cada programa, que será tramitada por cada unidade xestora dos distintos programas e aprobada, de proceder, pola Xunta de Goberno da Deputación,

18. XUSTIFICACIÓN DA ACHEGA PROVINCIAL

18.1 DOCUMENTACIÓN XERAL E DETERMINACIÓN COMÚNS A TODOS OS PROGRAMAS

Os concellos, segundo o prazo sinalado para cada un dos programas, presentará conta xustificativa para cada programa, (coa salvedade que cada investimento se pode xustificar de forma individual), establecéndose os modelos Anexo X-A, X-B e Anexo XI como documentación xeral, á que deberá engadirse a específica segundo cada programa.

Así, como documentación xeral a todos os programas, a conta xustificativa conterá:

- Memoria de actuacións realizadas, que deberá incluír a descrición detallada dos investimentos/ actuacións/eventos/servizos ou actividades realizadas. No caso de que sexa posible, deberá achegarse documentación fotográfica xustificativa.
- Anexo X-A ou X-B (segundo proceda), que conterá:
 - o Relación clasificada de gastos para cada actuación/evento/investimento/servizo ou actividade, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data pagamento para cada actuación. Soamente será necesario indicar a data de pago dos gastos que se imputen á aportación provincial, ou sexa aportación obrigatoria dos concellos (investimentos). Par o programa de investimentos executados por administración achegarase o modelo X-B. Para o programa de fomento do emprego, achegarase o modelo anexo VIII.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	21/28





- o Certificación expedida polo Secretario do concello, do custo total da actuación/investimento/servizo ou actividade, indicando os importes do financiamento, acreditando que a relación dos gastos da actuación atópase executado, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
 - o Certificación expedida pola Secretaría do Concello de que a actuación/investimento/servizo ou actividade foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas nas BASES DO PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2020, cumpríndose os fins para os que se outorgou a achega e a adecuación dos gastos aos devanditos fins.
- Anexo XI, no modelo aprobado, que conterà:
- o Declaración responsable emitida polo concello, indicando que a entidade asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE.
 - o Declaración das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para a celebración da mesma actividade.
 - o Declaración responsable na que se faga constar que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.
 - o Declaración que o investimento/servizo/actividade ou actuación foi realizado, cumpríndose os fins para os que se outorgou a achega e a adecuación dos gastos aos devanditos fins.
 - o Acreditación, coa achega dos documentos necesarios, de que a imaxe corporativa da Deputación Provincial de Lugo se inseriu na publicidade ou noutros soportes análogos da actividade financiada ao abeiro do presente programa, dándolle publicidade ao mesmo, ou declaración responsable na que se faga constar a colaboración da Deputación Provincial de Lugo en todos os investimentos/actuacións/eventos/servizo ou actividades desenvoltas coas achegas do Plan Único 2020.
- Documento emitido pola entidade bancaria, no que figure o CIF do Concello, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado ou achega provincial.
- Documentación xustificativa da inclusión de publicidade do investimento, actuación, evento ou servizo na publicidade que se faga na paxina web, ou redes sociais nas que se publicite dita actuación, evento, servizo ou investimento.
- Serán financiábeis aqueles custes que sexan efectivamente abonados dentro do prazo de xustificación.
- En todo caso, a cantidade máxima que se obriga a aportar a Deputación de Lugo minorarase proporcionalmente no caso de que o Concello non xustifique a execución da totalidade do importe financiado pola Deputación de Lugo, sempre que se considere que se cumpriu a finalidade para a cal se concedeu a achega.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugonull)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	22/28





- Non se procederá ao aboamento, no caso de que o beneficiario non se atope ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Tributaria Estatal, a Facenda autonómica, coa Deputación Provincial de Lugo e fronte á Seguridade Social, ou sexa debedor por resolución de procedencia de reintegro.
- O abono da achega, unha vez aprobada a xustificación da mesma, será efectuada mediante transferencia bancaria á conta sinalada polo concello beneficiario.
- No caso de non executarse e xustificarse a totalidade da cantidade aboada en concepto de anticipo, presentarase documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-85-3110000423. De non cumprirse esta obriga, procederá o reintegro da cantidade percibida e non executada e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pago da achega até a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou a data na que o debedor ingrese o reintegro se é anterior a esta.
- A Deputación de Lugo reservarase o dereito a solicitar toda a documentación que se considere precisa en relación coa xustificación deste Plan.

18.2. XUSTIFICACIÓN PROGRAMA INVESTIMENTOS

As contas xustificativas dos investimentos, a maiores da establecida como documentación xeral a todas as xustificacións, conterà:

- Certificacións de obra e/ou relación valorada, segundo proceda legalmente.
- Acta de comprobación do reformulo.
- Acta de Recepción.
- Acta de recoñecemento e comprobación, no caso que de acordo co artigo 30 da LCSP, a obra sexa executada pola propia Administración, nos termos indicados no artigo 179 do RD 1098/2001.
- Acta de entrega, no caso de subministracións.
- Facturas e acreditación dos pagos.
- Fotografía do cartel/carteis ou pegatinas debidamente cuberto.

Todos os investimentos deberán estar terminados na data límite do **30 de setembro de 2021** e a documentación xustificativa da súa execución deberá remitirse a Deputación na data límite do **15 de outubro de 2021**.

Excepcional e motivadamente, o concello poderá solicitar unha prórroga para o seu remate no que especificará os motivos e indicará o prazo ata que solicita dita prórroga, que se concederá, no seu caso, mediante acordo da Xunta de Goberno. Dita solicitude de prórroga deberá achegarse á Deputación antes do 15 de setembro de 2021, e non se concederá prórrogas que superen a data do **30 de outubro de 2021, para a execución do investimento e o 15 de novembro de 2021 para xustificación do mesmo**.

No caso de que as actuacións non puideran ser finalizadas na súa totalidade, a aportación desta Deputación poderá ser proporcional, sempre e cando dita actuación poida ser entregada ao uso público.

18.3.- XUSTIFICACIÓN PROGRAMA DE FOMENTO DO EMPREGO

A liquidación definitiva farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas súas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite de vencemento do programa o **30 de setembro de 2021**.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	23/28



A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación, **na data límite do 15 de outubro de 2021** a conta xustificativa á que unirá, a maiores da establecida como xeral, a seguinte documentación:

- Certificación expedida polo secretario municipal do custo total da actividade indicando os importes de financiamento, acreditando que os gastos atópanse executados e as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagados, de acordo as limitación de custe detallado no apartado “ 8ª.1 Custes financiáveis con cargo o Plan Único”, o período subvencionado, ámbito xurídico de aplicación, posto de traballo, categoría profesional, importe líquido da nómina, importe da Seguridade Social e o IRPF para cada un dos traballadores financiados ao abeiro deste programa, así coma as datas de pago (agás os pagamentos correspondentes ao mes de setembro). Deberase identificar nome apelidos e NIF de cada un dos traballadores. (Modelo VIII)
- Certificación expedida polo secretario municipal na que se acredite:
 - Que as contratacións ou nomeamentos efectuados polo concello, son novas contratacións e non pertencen ao cadro de persoal no momento da contratación, proveñen do desemprego ou de mellora de emprego, e realizáronse conforme aos requisitos e criterios establecidos nestas bases (publicidade, mérito e capacidade).
 - Que se cumpriron os criterios de publicidade da aportación provincial e de constancia da financiación da Deputación Provincial de Lugo en todas as actuacións polas que se deu a coñecer a relación das actividades dos servizos.


18.4.- XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA SERVIZO AXUDA NO FOGAR, SAF 2020

Os concellos quedan obrigados a presentar diante desta Deputación provincial a documentación establecida nesta base dentro do prazo máximo de 3 meses a partir da finalización do Programa SAF 2019 establecido **no 31 de decembro de 2020**, e en todo caso, na data límite **do 31 de marzo de 2021**.

O Concello estará obrigado a facilitar toda a información que dende o Servizo de Benestar Social lle sexa requirida, e en todo caso, está obrigada a achegar a seguinte documentación a maiores da establecida de forma xeral para todos os programas:

- a) **A Memoria da actuación**, deberá incluír o cumprimento das condicións establecidas nestas Bases, con indicación das actividades realizadas, número e listaxe completa de beneficiarios da acción con indicación das horas de servizo prestadas a cada usuario/a na anualidade correspondente.
- b) **Memoria económica** xustificativa do custo da actuación realizada que conterá:
 - a) Na relación clasificada de gastos, para os gastos de persoal indicarse para cada traballador/a (nome, apelidos e NIF), o período a cal corresponden. Este gasto deberase desagregar do seguinte xeito: importe líquido da nómina; importe do IRPF; importe da seguridade social do traballador; importe da seguridade social da empresa. Deberase indicar de todos e cada un dos gastos e das súas desagregacións a identificación do acredor, as datas de emisión e de pagamento, por período mensual. No caso de imputar ao presente programa gastos correntes derivados das medidas complementarias, recollidas na base 9.1 apartados e) e f), deberá presentarse una declaración responsable do/a traballador/a social no que conste que estas medidas foron aplicadas unha vez garantido o nivel básico de atención.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	24/28



18.5.- XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA E PROTECCIÓN DE DATOS.

O Concello terá a obriga de xustificar os fondos percibidos ao abeiro deste programa. Para elo dispoñerá do prazo de 3 meses a partir da finalización da acción ou comportamento obxecto deste programa, establecido **no 31 de decembro de 2020**, cunha data límite establecida do **31 de marzo de 2021**.

A totalidade dos documentos preceptivos para a correcta xustificación da financiación deberá presentarse asinada dixitalmente para verificar o uso efectivo do sistema de sinatura electrónica esixido para o cumprimento da Lei 59/2003, de 19 de decembro, de sinatura electrónica, e a Lei 39/2015, de 1 de outubro, xa citada.

Na memoria de actuacións realizadas, deberá indicarse o período ao que corresponde cada unha das facturas que constan na relación clasificada de gastos. Tamén deberá quedar suficientemente acreditado que se trata dun gasto corrente, para o cal poderá acompañar a documentación que considere oportuna.

18.6.- XUSTIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DE ACTIVIDADES CULTURAIS E ACTUACIÓNS/EVENTOS TURÍSTICOS.

A liquidación definida farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite do vencemento do programa **o 31 de decembro de 2020**.

A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite **do 31 de marzo de 2021**, a conta xustificativa, á que se unirá, a maiores da establecida como xeral, a seguinte documentación:

1) Memoria xustificativa da actividade realizada, que deberá incluír:

- A denominación completa do programa de actividades culturais.
- A descrición detallada das actividades realizadas e das accións que estas engloban.
- Indicarase respecto de cada actividade e acción: se estaban ou non previstas no orzamento inicial; os gastos aos que deu lugar cada acción (factura número, nómina, etc...) ou, no seu caso, se non deron lugar a gasto.
- Reflectirase respecto das actividades e accións previstas no orzamento inicial, as que non se executaron/realizaron.

2) Memoria económica xustificativa do custo da actividade, que conterà:

- Relación clasificada de gastos para cada actuación ou actividade, con indicación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión e data de pagamento para cada actuación. No caso de relacionarse facturas con IRPF, deberá vir desagregado o importe líquido aboado ao provedor e o importe do IRPF aboado á Axencia Estatal da Administración Tributaria.

18.7.- XUSTIFICACIÓN DOS PROGRAMAS DE ACTIVIDADES DEPORTIVAS; E FEIRAS, MERCADOS E OUTROS E PROTECCIÓN CIVIL

A liquidación definida farase efectiva logo de comprobar por parte dos servizos da Deputación que o concello cumpre coas obrigas establecidas nestas Bases, sendo a data límite do vencemento do programa **o 31 de decembro de 2020**.

A efectos de xustificación deberá presentarse no Rexistro Xeral da Deputación na data límite **do 31 de marzo de 2021**, a conta xustificativa.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	25/28



19.- RENUNCIA

Os Concellos poderán renunciar ou desistir de executar calquera investimento, ou realizar calquera actuación, evento ou actividade, que será comunicado a esta Deputación e aprobado pola Xunta de Goberno.

No caso de que a Deputación tivese aboado anticipo, e o Concello renunciase, desistiese ou non executase o investimento, actuación, evento ou actividade, dito Concello presentará documentación xustificativa do reintegro da parte non executada na conta da Deputación: ES04-2080-0163-8531-1000-0423. Tamén procederá a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro si e anterior a esta.

Non obstante, os Concellos poden solicitar a modificación/substitución da actuación nos termos e prazos fixados nestas bases.

20.- PAGO DA ACHEGA PROVINCIAL.

Logo da aprobación definitiva do Plan único, a Deputación poderá facer un anticipo con cargo ao mesmo nos termos da base 2ª).

A liquidación definitiva das achegas da Deputación provincial realizarase, logo da aprobación pola Deputación das contas xustificativas dos distintos Programas e obxecto daquel, nos prazos fixados para cada Programa nestas bases.

O pago da achega da Deputación realizase segundo se indica para os distintos obxectos e programas do Plan.

A aprobación das Contas xustificativas de cada programa ou actuación do Plan Único determinará a aportación definitiva da Deputación a cada concello.

A non presentación en prazo das contas xustificativas do Plan ou Programa incluído nel, dará lugar á tramitación do procedemento de reintegro total ou parcial da achega provincial.


21.- CARTEL E VISITAS INSTITUCIONAIS.

21.1 En todos os investimentos (en cada actuación dentro do investimento) desenvoltos ao abeiro deste Plan único, que as súas características o permita, deberá de estar instalado un cartel de obra ou actuación, segundo modelo establecido pola Deputación Provincial. No investimento que se realice, de executarse obra en mais de un lugar, deberá colocarse un cartel en cada lugar onde se execute o investimento.

O cartel deberá estar instalado nas inmediacións de cadaa obra, no lugar/es que se comunique a esta Deputación no momento da adxudicación do investimento (coa indicación das coordenadas UTM), dende o inicio da execución ata que se aprobe a Conta Xustificativa do investimento, podendo, en calqueira momento, realizar a Deputación as pertinentes comprobacións in situ.

De igual xeito, no resto de actuacións ou cando as características do investimento non posibiliten a instalación dun cartel, deberá figurar o apoio, axuda ou colaboración da Deputación nos medios, actuacións e soportes que se utilicen na execución de dito investimento ou actividade, a través de pegatinas (cos mesmos datos que o cartel) ou calquera outra manifestación que permita o investimento.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	26/28



As dimensións do cartel serán como máximo de 150 cm x 80 cm.

As pegatinas que se coloquen nos investimentos, cando non proceda cartel, terán as medidas axeitadas para a súa colocación no respectivo continente.

21.2. A representación institucional da Deputación poderá visitar as actuacións que se desenvolvan polos Concellos en execución deste Plan único, comunicando ao respectivo Concello dita visita.

Os Concellos deberán convidar a representación institucional da Deputación aos actos oficiais relativos ao inicio, execución e finalización dos investimentos financiados con este plan único, así como as actividades, actuacións ou servizos financiados con cargo ao Plan.

21.3. O incumprimento do deber de publicitar as axudas concedidas no conxunto do Plan e/ou de efectuar os convites relacionados no apartado precedente, conlevará a perda do dereito, en aplicación das determinacións fixadas no artigo 31.3 do RD 887/2006, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Subvencións.

22.- XESTIÓN DO PLAN ÚNICO

A xestión do Plan único será levada a cabo polos seguintes servizos da Deputación:


- Programa de investimentos: Servizo de Contratación e Fomento.- Unidade de Obras e Plans.
- Programa de axuda no fogar: Área de Promoción Económica e Social.- Sección de Benestar Social e Igualdade.
- Programa Fomento do Emprego: Área de Promoción Económica e Social.- Emprego
- Programa de actividades culturais : Área de Cultura PHA e Normalización Lingüística.- Servizo de Cultura.
- Programa de actividades deportivas: Area de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica.- Servizo de Deportes
- Programa de Administración electrónica e protección de datos: Área de Promoción Económica e Social .- Servizo de Novas tecnoloxías
- Programa de Protección civil: Servizo de Contratación e Fomento, Sección de Fomento.
- Programa relativo a actuacións/eventos turísticos: Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo.- Sección Turismo.
- Programa relativo a feiras, mercados e outros: Servizo de Contratación e Fomento, Sección de Fomento.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- O Concello de Lugo deberá adicar o montante total da aportación da deputación a investimentos, e deste, o 60% deberá adicarse ao arranxo ou mellora de vías públicas municipais.

Segunda.- Os Concellos están obrigados a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Deputación de Lugo, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das achegas, así como do cumprimento da disposición adicional sexta da Lei 2/2012, 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	27/28



Terceira.- En todos os casos, a deputación queda facultada pola adhesión dos concellos ao Plan único, para comprobar de oficio que cada concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias co Estado coa Comunidade Autónoma, coa Seguridade Social e coa propia Deputación provincial.

Cuarta.- Transcorrido os prazos de xustificación da achega referente a cada un dos programas, sen presentarse na forma establecida anteriormente, o persoal de cada área xestora tramitará requirimento, POR UNHA SOA VEZ, aos concellos beneficiarios para que no prazo adicional e improrrogable de 15 días hábiles presenten a xustificación conforme a estas bases.

O incumprimento do prazo aplicable, vencido o adicional sinalado anteriormente, para a xustificación de cada programa, dará lugar á perda do dereito a percibir a financiación concedida, e por ende, o reintegro da contía anticipada, de ser o caso, así como a esixencia de xuro de mora correspondente dende o momento da achega ata no que se acorde a procedencia do reintegro ou ata a data na que o debedor ingrese o reintegro, si fora anterior a ésta.

Quinta.-A interpretación e a resolución das dúbidas que puidesen xurdir serán resoltas pola Xunta de Goberno desta Deputación.

Sexta.- A resolución de dúbidas: poderán formularse por teléfono ou correo electrónico e poderán ser respostadas a través da páxina web para que sexa unha información dispoñible para todos os concellos.

Lugo, data sinatura dixital.

O PRESIDENTE, José Tomé Roca

Xúntase os ANEXOS I a XIII

Código Seguro de Verificación	IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Fecha y Hora	12/03/2020 13:36:47
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 59/2003, 19 de diciembre, de firma electrónica		
Firmado por	JOSE TOME ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo null)		
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV664SIIHB4MTTE44EVC4F3DME	Página	28/28

